

Estimados e estimadas colegas.

Un curso máis, dirixímonos a vós para presentarvos as novidades e cambios que temos no que se refire ao exame de Física da PAU deste curso que empeza.

No que respecta aos contidos, o currículo estará determinado, salvo instrución noutro sentido, pola Lei de Educación 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio de Educación (LOMLOE), polo Real Decreto 423/2022, de 5 de abril, no que se establecen a ordenación e as ensinanzas mínimas de bacharelato e o Decreto 157/2022, de 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo de bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 26 de setembro de 2022). En particular, introducimos este curso a parte experimental do movemento harmónico simple, co que os contidos de Física desenvolvidos na LOMLOE están xa completos. No documento de Orientacións indicamos as prácticas novas sobre este tema. Como sempre, a finalidade dese documento de Orientacións é guiar na preparación do exame da PAU e non sobre a materia a impartir, xa que esta vén definida nos Decretos mencionados.

O cambio máis importante: logo de cinco anos con modelos de exame COVID, cunha alta opcionalidade e a posibilidade de alcanzar a máxima nota sen a necesidade de preparar todos os contidos, pásase agora a unha proba de preguntas de resposta obrigatoria. Como é ben sabido, este cambio non é só formal, pois se pretende substituír a avaliación de contidos memorísticos pola avaliación de competencias. No Real Decreto 534/2022 están detalladas as características dos exames da nova proba:

*Os exercicios terán un deseño competencial que permita comprobar o grao de consecución das competencias específicas das materias...*

*Os exercicios requirirán do alumnado a creatividade e capacidade de espírito crítico, de reflexión e de madurez para resolver por escrito unha serie de cuestións ou tarefas adecuadas ás competencias específicas avaliadas...*

Seguindo as instrucións da CiUG, o exame de Física constará de catro preguntas correspondentes a cada un dos catro bloques de contidos (2-5) do Decreto 157/2022, coa mesma puntuación de 2,5 puntos cada unha delas. O modelo da estrutura deste exame é o publicado pola CiUG.

A primeira das preguntas do exame é de carácter competencial, sen opcións nos apartados, e corresponderá ao bloque 2 (Campo gravitacional ) ou ao bloque 4 (Vibracións e ondas) do decreto mencionado. Esta pregunta constará de dous ou tres apartados adaptados ás distintas competencias a avaliar.

As tres preguntas restantes terán a seguinte estrutura:

- Unha cuestión obrigatoria de carácter teórico/conceptual (similar ás cuestións de antigos exames da ABAU) con tres posibles respostas (a, b e c) de xeito que a escollida polo alumnado debe ser razoada. Como nos exames de anos anteriores, será válida a demostración da invalidez de dúas delas. O valor máximo desta cuestión será 1 punto.
- Un problema, con dous apartados, a escoller entre dous que se propoñen. O valor máximo desta problema será 1,5 puntos.

Os datos necesarios para responder tanto á cuestión como aos problemas aparecerán ao final de cada unha das preguntas.

Como xa dixemos, o modelo de exame de Física publicado na web da CiUG a finais do mes de agosto correspóndese co que se acaba de describir. Podedes comprobar que ese modelo está construído case na súa totalidade con preguntas das convocatorias ordinaria e extraordinaria de curso 2023-24. Tendo en conta que a pregunta competencial require un tempo apreciable de lectura e razoamento, os problemas das preguntas 2, 3 e 4 estarán adecuadas ao tempo dispoñible para realizar o exame (90 minutos).

Como sempre, estou á vosa disposición para tentar aclarar calquera dúbida que vos poida xurdir.

Grazas pola vosa colaboración e un cordial saúdo,

Carolina Torrón

Grupo de Traballo de Física